

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 25 de febreiro de 2022
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte cinco de febreiro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado D. Carlos López Font, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31334.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de febreiro 2022.

2.31335.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2022. (Expte.2022004418)

Antecedentes:

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para actuacións e actividades de carácter turístico durante o ano 2022.

O 9 de febreiro de 2022 o Servizo de Turismo emite informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións.



O 11 de febreiro de 2022 emítase informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións.

O 16 de febreiro de 2022 Intervención informa favorablemente as bases reguladoras das subvencións e certifica a existencia de crédito por importe de 100.000,00 € na aplicación 22/433.4320.489.01, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 202200025218.

Fundamentación xurídica e técnica:

1. Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2022.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.

2. Consideracións xurídicas e técnicas:

Conta no expediente informe do Servizo de Turismo no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para actuacións e actividades de carácter turístico durante o ano 2022, así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente, por importe de 100.000,00€, na aplicación 22/433.4320.489.01.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Competencia:

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.



En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para actividades de carácter turístico durante o ano 2022 que figuran no expediente co Código seguro de verificación (CSV): 46LIJPCLAT93P90Q.

3.31336.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE “ACTIVIDADES CULTURAIAS, ANO 2022”.(Expte.2021056614)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Cultura, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2022, e co informe do xefe do Servizo de Cultura así como o informe favorable de Intervención sobre existencia de consignación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “*Bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2022*”, e que figuran co CSV: PD1YY0WVOVOX86MSK.

4.31337.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO “DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022.”(Expte. 2022003846)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Cultura, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2022, e co informe favorable do xefe do Servizo de Cultura, así como informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “*Bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2022*”, e que figuran con CSV: I0SVTDHXBXN2E4F7.

5.31338.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO “DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022”. (Expte. 2022003852)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Cultura, establece as bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2022, e co informe do Xefe do Servizo de Cultura así como informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “*Bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2022*”, e que figuran con CSV: KF34W206D2BAILEP.



6.31339.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ENSANCHE E MELLORA DO VIAL DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE ARBO Á CAPELA DE SAN PEDRO”. (Expte.2022004046)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 26/01/2022 por rexistro WEB2022002874, emendado en data 10/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Arbo* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 202.988,56 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Ensanche e mellora do vial da igrexa de Santa Maria de Arbo á capela de San Pedro*”, cun orzamento que importa 202.988,56 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	202.988,56	202.988,56	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	202.988,56	202.988,56	0,00	0,00

Consta no expediente certificado relativo á titularidade do camiño sobre o que se pretende actuar, así como das cesións precisas para executar o investimento. Figura no expediente informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, precisa da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, aportando ao efecto a súa solicitude, por non dispor da mesma no momento de presentar a solicitude da subvención.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/02/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 18/02/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 21/02/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Arbo*, CIF: P3600100F a cantidade de 202.988,56 euros con destino ao financiamento do investimento “*Ensanche e mellora do vial da igrexa de Santa Maria de Arbo á capela de San Pedro*” (exp: 2022004046) cun orzamento que importa 202.988,56 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	202.988,56	202.988,56	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	202.988,56	202.988,56	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Arbo*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.31340.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2022005803)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Cambados*, con CIF núm. P3600600E, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).



- 2) As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 6) Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 7) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 8) De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 9) Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE CAMBADOS				
Data de presentación:		07/02/2022 (registro WEB2022004675)		
Data de emenda da solicitude:		17/02/2022 (registro WEB2022007021) 18/02/2022 (registro WEB2022007322)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
21	<i>8 operarios/as de servizos múltiples, 1 laceiro/a, 2 limpadores/as e 1 técnico/a medio ambiente e xestión de residuos en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 arquitecto/a técnico/a, 2 técnicos/as de organización, 1 auxiliar de cultura-turismo, 1 diplomado/a - grao Maxisterio, 1 licenciado/a en Historia con formación arquivística (xestión de arquivos e documentos) e nivel medio de inglés, 2 administrativos/as e 1 licenciado/a - grao en Dereito en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses</i>	192.812,70 €	0,00 €	192.812,70 €

- 10) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 11) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CAMBADOS	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	212.049,58 €



- 12) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.



- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

Conclusiones:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Cambados (P3600600E)	21	<i>8 operarios/as de servizos múltiples, 1 laceiro/a, 2 limpadores/as e 1 técnico/a medio ambiente e xestión de residuos en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 arquitecto/a técnico/a, 2 técnicos/as de organización, 1 auxiliar de cultura-turismo, 1 diplomado/a - grao Maxisterio, 1 licenciado/a en Historia con formación arquivística (xestión de arquivos e documentos) e nivel medio de inglés, 2 administrativos/as e 1 licenciado/a - grao en Dereito en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses</i>	192.812,70 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: DA5LPSFOOMCPWMOL) e do informe de Intervención (CSV: JHKLYM0DCC855S7Z), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Cambados* (CIF P3600600E) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Cambados (P3600600E)	21	8 operarios/as de servizos múltiples, 1 laceiro/a, 2 limpadores/as e 1 técnico/a medio ambiente e xestión de residuos en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 arquitecto/a técnico/a, 2 técnicos/as de organización, 1 auxiliar de cultura-turismo, 1 diplomado/a - grao Maxisterio, 1 licenciado/a en Historia con formación arquivística (xestión de arquivos e documentos) e nivel medio de inglés, 2 administrativos/as e 1 licenciado/a - grao en Dereito en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses	192.812,70 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.



- Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
 - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.



- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

8.31341.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CUNTIS AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2022008497)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Cuntis*, con CIF núm. P3601500F, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.



- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 6) Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 7) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 8) De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 9) Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE CUNTIS				
Data de presentación:		18/02/2022 (registro WEB2022007367)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	<i>1 peón de recollida de lixo, 2 peóns de obras, 3 peóns forestais, 6 albaneis e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	126.519,30 €	2.995,20 €	123.524,10 €



- 10) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 11) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CUNTIS	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	124.251,53 €

- 12) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Cuntis (P3601500F)	13	1 peón de recollida de lixo, 2 peóns de obras, 3 peóns forestais, 6 albaneis e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	123.524,10 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: LR6OZWU2CFUGKLF4) e do informe de Intervención (CSV: G6KQHZB9CNBLJGHH), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Cuntis* (CIF P3601500F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Cuntis (P3601500F)	13	1 peón de recollida de lixo, 2 peóns de obras, 3 peóns forestais, 6 albaneis e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	123.524,10 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.



- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta



subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.

- Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
 - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



9.31342.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEAÑO AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022007749)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Meaño*, con CIF núm. P3602700A, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 %



ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

- 6) Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 7) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 8) De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 9) Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE MEAÑO				
Data de presentación:		16/02/2022 (registro WEB2022006826)		
Data de emenda da solicitude:		18/02/2022 (registro WEB2022007412)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	<i>1 operario/a condutor/a, 1 técnico/a educación infantil, 4 peóns obras públicas, 4 albaneis, 1 limpador/a, 2 traballadores/as forestais e 1 coidador/a terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses</i>	128.211,96 €	12.393,04 €	115.818,92 €



- 10) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 11) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MEAÑO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	115.818,92 €

- 12) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meaño (P3602700A)	14	<i>1 operario/a condutor/a, 1 técnico/a educación infantil, 4 peóns obras públicas, 4 albaneís, 1 limpador/a, 2 traballadores/as forestais e 1 coidador/a terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses</i>	115.818,92 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: CZUXTGCZ34IT1KC0) e do informe de Intervención (CSV: NZMAPSL8TLXCRRUS), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Meaño* (CIF P3602700A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Meaño (P3602700A)	14	<i>1 operario/a condutor/a, 1 técnico/a educación infantil, 4 peóns obras públicas, 4 albaneis, 1 limpador/a, 2 traballadores/as forestais e 1 coecedor/a terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses</i>	115.818,92 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador



alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.

- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de



salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.

- Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
- Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.

g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



10.31343.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022007597)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Poio*, con CIF núm. P3604100B, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de



crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

- 6) Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 7) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 8) De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 9) Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE POIO				
Data de presentación:		16/02/2022 (registro WEB2022006626)		
Data de emenda da solicitude:		16/02/2022 (registro WEB2022006817)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
32	<i>1 traballador/a do ciclo superior de turismo, 12 operarios/as de obras e servizos múltiples, 3 oficiais condutores/as e 2 oficiais de 1ª electricistas, 1 subalterno/a conserxe, 1 traballador/a social e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 6 meses; 4 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 6 meses; 3 subalternos/as conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 5 meses; 1 traballador/a do ciclo superior de turismo en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; 2 auxiliares de clínica en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses</i>	233.407,09 €	0,00 €	233.407,09 €



- 10) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 11) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE POIO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	233.418,77 €

- 12) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos Xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Poio (P3604100B)	32	<i>1 traballador/a do ciclo superior de turismo, 12 operarios/as de obras e servizos múltiples, 3 oficiais condutores/as e 2 oficiais de 1ª electricistas, 1 subalterno/a conserxe, 1 traballador/a social e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 6 meses; 4 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 6 meses; 3 subalternos/as conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 5 meses; 1 traballador/a do ciclo superior de turismo en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; 2 auxiliares de clínica en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses</i>	233.407,09 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: EJDMT96AAP455H78) e do informe de Intervención (CSV: 2NIUN0BL8US161XF), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao Concello de Poio (CIF P3604100B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Poio (P3604100B)	32	<i>1 traballador/a do ciclo superior de turismo, 12 operarios/as de obras e servizos múltiples, 3 oficiais condutores/as e 2 oficiais de 1ª electricistas, 1 subalterno/a conserxe, 1 traballador/a social e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 6 meses; 4 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 6 meses; 3 subalternos/as conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 5 meses; 1 traballador/a do ciclo superior de turismo en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; 2 auxiliares de clínica en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses</i>	233.407,09 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
 - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

11.31344.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2022007594)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Pontecesures*, con CIF núm. P3604400F, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).



- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importe da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 6) Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 7) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 8) De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 9) Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE PONTECESURES				
Data de presentación:		15/02/2022 (registro WEB2022006512)		
Data de emenda da solicitude:		16/02/2022 (registro WEB2022006702)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
11	<i>1 técnico/a xestión administrativa e 1 arquitecto/a técnico/a a xornada completa durante 6 meses; 3 peóns obras públicas, 2 auxiliares xardinería e 3 limpadores/as edificios municipais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; e 1 técnico/a turismo en xornada de 20 h./sem. durante 6 meses</i>	84.541,13 €	2.001,41 €	82.539,72 €

- 10) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 11) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE PONTECESURES	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	82.834,14 €

- 12) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



Fundamentos xurídicos:**Primeiro.- Réxime Xurídico:**

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:**I.- Instrución do expediente:**

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

Conclusiones:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.



Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación **INFORMA FAVORABLEMENTE** o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe conceder
Pontecesures (P3604400F)	11	1 técnico/a xestión administrativa e 1 arquitecto/a técnico/a a xornada completa durante 6 meses; 3 peóns obras públicas, 2 auxiliares xardinería e 3 limpadores/as edificios municipais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; e 1 técnico/a turismo en xornada de 20 h./sem. durante 6 meses	82.539,72 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 2ZLNKYA3IRO76855) e do informe de Intervención (CSV: 1HWITG5O74BI533A), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Pontecesures* (CIF P3604400F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Pontecesures (P3604400F)	11	1 técnico/a xestión administrativa e 1 arquitecto/a técnico/a a xornada completa durante 6 meses; 3 peóns obras públicas, 2 auxiliares xardinería e 3 limpadores/as edificios municipais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; e 1 técnico/a turismo en xornada de 20 h./sem. durante 6 meses	82.539,72 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberánse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
 - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
 - h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

12.31345.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PORTAS AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2022007436)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Portas*, con CIF núm. P3604000D, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).



- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 6) Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 7) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 8) De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 9) Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE PORTAS				
Data de presentación:		15/02/2022 (registro WEB2022006444)		
Data de emenda da solicitude:		18/02/2022 (registro WEB2022007302)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>3 limpadores/as, 3 peóns forestais, 3 peóns en xeral e 1 varredor/a-peón limpeza en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; e 2 condutores/as en xornada de 30 h./sem. durante 5,5 meses</i>	87.448,02 €	967,73 €	86.480,29 €

- 10) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 11) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE PORTAS	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	86.480,29 €

- 12) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

Conclusiones:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).



Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Portas (P3604000D)	12	3 limpadores/as, 3 peóns forestais, 3 peóns en xeral e 1 varredor/a-peón limpeza en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; e 2 condutores/as en xornada de 30 h./sem. durante 5,5 meses	86.480,29 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: C414DLKRUTCIDXAS) e do informe de Intervención (CSV: PB311BAAVLLXMEUE), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Portas* (CIF P3604000D) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrència non competitiva, ao abeiro do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Portas (P3604000D)	12	3 limpadores/as, 3 peóns forestais, 3 peóns en xeral e 1 varredor/ a-peón limpeza en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; e 2 condutores/as en xornada de 30 h./sem. durante 5,5 meses	86.480,29 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.



- Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
- Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

13.31346.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2022007099)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Sanxenxo*, con CIF núm. P3605100A, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).



- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 6) Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 7) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 8) De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 9) Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE SANXENXO				
Data de presentación:		14/02/2022 (registro WEB2022006083)		
Data de emenda da solicitude:		16/02/2022 (registro WEB2022006835)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
42	<i>3 auxiliares administrativos/as en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; e 39 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 5 meses</i>	264.757,63 €	6.485,18 €	258.272,45 €

- 10) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 11) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE SANXENXO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	258.374,02 €

- 12) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



Fundamentos xurídicos:**Primeiro.- Réxime Xurídico:**

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:**I.- Instrución do expediente:**

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).



Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Sanxenxo (P3605100A)	42	<i>3 auxiliares administrativos/as en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; e 39 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 5 meses</i>	258.272,45 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: S2CB0TD0EOKI6DZO) e do informe de Intervención (CSV: 00Z1IOMQBUC16KZZ8), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Sanxenxo* (CIF P3605100A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Sanxenxo (P3605100A)	42	3 auxiliares administrativos/as en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; e 39 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 5 meses	258.272,45 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.



- Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberánse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
 - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.



- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

14.31347.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022006082)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Tui*, con CIF núm. P3605500B, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.



- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 6) Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 7) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 8) De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 9) Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE TUI				
Data de presentación:		08/02/2022 (registro WEB2022004995)		
Data de emenda da solicitude:		18/02/2022 (registro WEB2022007428)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
17	<i>1 oficial condutor/a, 10 peóns de horticultura e xardinería, 5 operarios/as de obras e 1 auxiliar administrativo/a para cultura a xornada completa durante 6 meses</i>	230.439,11 €	5.455,08 €	224.984,03 €



- 10) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 11) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE TUI	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	234.455,24 €

- 12) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Tui (P3605500B)	17	<i>1 oficial condutor/a, 10 peóns de horticultura e xardinería, 5 operarios/as de obras e 1 auxiliar administrativo/a para cultura a xornada completa durante 6 meses</i>	224.984,03 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: KQBUYR1CA1BQFXKT) e do informe de Intervención (CSV: U7JGF9UXAEBFHOUYU), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Tui* (CIF P3605500B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Tui (P3605500B)	17	<i>1 oficial condutor/a, 10 peóns de horticultura e xardinería, 5 operarios/as de obras e 1 auxiliar administrativo/a para cultura a xornada completa durante 6 meses</i>	224.984,03 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.



- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta



subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.

- Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
 - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



15.31348.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP, PARA A PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL E O COOPERATIVISMO (Expte. 2022006291)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e a *Unión de Cooperativas EspazoCoop* (en adiante EspazoCoop), en calidade de organización representativa do cooperativismo en Galicia desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo o “*Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Unión de Cooperativas EspazoCoop para a promoción da economía social e o cooperativismo*”, co obxectivo de levar a cabo de forma coordinada actuacións do fomento de cooperativismo na provincia de Pontevedra.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, en data 09/02/2022 a *Unión de Cooperativas EspazoCoop* presenta pola sede electrónica, Rex. WEB2022005137 unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio. Asemade achégase unha memoria das actuacións a levar a cabo no marco do convenio.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.
- Tendo en conta todo o que antecede, dada conta da proposta de Convenio, e visto o informe da Xefa de Servizo de Cooperación no relativo ó interese público das actuacións, o informe non preceptivo da Secretaría Xeral, o informe do Enxeñeiro Xefe do servizo de Cooperación relativo ós custos totais derivados da cesión e o informe da Intervención Provincial, no que se manifesta a conformidade coa proposta de colaboración.

Fundamentos xurídicos:

Lexislación aplicable:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Acordo regulador do Prezo Público polos servizos que se prestan nos viveiros de empresas de Barro e de Lalín.
- Bases de execución do Orzamento Provincial.



Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 36.1.d) da LRBRL, que atribúe ás Deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Pola súa parte, o artigo 109 da LALGA encoméndalles en xeral as deputacións, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.
- A Deputación é propietaria do edificio destinado a viveiro de empresas, situado no polígono industrial Lalín 2000, no Concello de Lalín, a través do cal se ofertan diversas actividades de formación e divulgación encamiñadas a dar visibilidade a oportunidades de negocio no territorio atendendo a criterios de desenvolvemento local, rural, social e sostible da comunidade.
- A Unión de Cooperativas EspazoCooP, en calidade de organización representativa do cooperativismo en Galicia, ten competencias recoñecidas para o desenvolvemento, fomento e colaboración con outras institucións e entidades, públicas e privadas, para o fomento e promoción do cooperativismo, a economía social, e a formación e asesoramento de procesos de emprendemento cooperativo e de proxectos cooperativos, en Galicia.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Os convenios constitúen un instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, segundo resulta do contido do artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



Conclusións:

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para o tecido empresarial e o desenvolvemento socioeconómico da provincia, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Unión de Cooperativas EspazoCoop conveñen a súa colaboración nesta ámbito co obxecto de levar a cabo de forma coordinada actuacións do fomento de cooperativismo na provincia de Pontevedra.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

A Unión de Cooperativas EspazoCoop presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica derivada da cesión de uso e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP PARA A PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL E COOPERATIVISMO ”

Réxime competencial:

Tal como recolle o Acordo regulador do Prezo Público polos servizos que se prestan nos viveiros de empresas de Barro e de Lalín, os premios, convenios e outras actuacións realizadas pola Deputación de Pontevedra poden supoñer un réxime excepcional que non estará suxeito á aplicación destes prezos públicos rexeranse polas súas propias normas que aproben a aplicación destas medidas ou actuacións excepcionais. Estes supostos deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, de Secretaría Xeral e da Intervención Provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “*Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Unión de Cooperativas Espazocoop para a promoción da economía social e cooperativismo* ” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP PARA A PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL E COOPERATIVISMO ”

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVENEN

Dunha parte, Dna. Carmela Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra (en adiante a Deputación), con CIF P3600000H e domicilio social na Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Do outro, dona Ana Oliveira Blanco, maior de idade, con D.N.I. 52936224E, en calidade de Presidenta da Unión de Cooperativas EspazoCoop, con domicilio social na Rúa do Horreo, 104, Baixo Esquerda, CP 15701 de Santiago de Compostela, e C.I.F. G70506662.

E dando fe do acto, Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra.

Todas as partes se recoñecen mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente instrumento e, a tal efecto

EXPOÑEN

I.- Que a Unión de Cooperativas EspazoCoop (en diante ESPAZOCOOP), en calidade de organización representativa do cooperativismo en Galicia, ten competencias recoñecidas para o desenvolvemento, fomento e colaboración con outras institucións e entidades, públicas e privadas, para a fomento e promoción do cooperativismo, a economía social, e a formación e asesoramento de procesos de emprendemento cooperativo e de proxectos cooperativos, en Galicia.

II.- Segundo o disposto no artigo 36 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), a Deputación de Pontevedra asume como competencia propia a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial de acordo coas competencias das outras Administracións Públicas neste ámbito.

En cumprimento desta obriga a Deputación de Pontevedra, consciente da realidade económica e empresarial da provincia, fomenta o emprendemento e o desenvolvemento empresarial. Con esta finalidade a Deputación considera de interese o desenvolvemento e promoción do cooperativismo e a economía social e o apoio a iniciativas e actuacións dirixidas ao fomento do autoemprego e á creación de cooperativas.

A tal fin, acordan colaborar en iniciativas e proxectos que, desde a economía social, apoiem o tecido empresarial e contribúan ao desenvolvemento socioeconómico da provincia de Pontevedra.

Neste senso a Deputación dispón dun espazo de coworking no Viveiro de Lalín, a través do que se ofertan diversas actividades de formación e divulgación encamiñadas a dar visibilidade a oportunidades de negocio no territorio atendendo a criterios de desenvolvemento local, rural, social e sostible da comunidade.

III.- Que para artellar a colaboración entre as partes cara o fomento e a promoción da economía social e de iniciativas empresariais que contribúan ao desenvolvemento económico e sostible do territorio, prevese a fórmula do convenio como idónea para acadar os obxectivos propostos. Neste senso os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal como establecen os artigos 47 e os seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Os convenios constitúen un instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, segundo resulta do contido do artigo 57 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



IV.- *Que a Deputación de Pontevedra e EspazoCoop apostan decididamente pola colaboración co propósito de mellorar o cumprimento dos seus respectivos fins e funcións e, en especial, aqueles que fagan posible o fomento, a promoción e o desenvolvemento de proxectos empresariais baixo a fórmula de cooperativa incidindo en valores como a sustentabilidade e o desenvolvemento rural.*

V.- *Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 24 de novembro de 2017, previo ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Réxime Interno, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 41 a 47 e 148 e concordantes do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, da autorización prevista nos artigos 4 e 8 da Ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos e do acordo de delegación do Pleno na Xunta de Goberno para fixar e modificar os prezos públicos, aprobou unha modificación do acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan nos viveiros de empresas de Barro-Meis e de Lalín da Deputación de Pontevedra mediante a que se engadiu un segundo parágrafo ao seu artigo segundo titulado “Obxecto”, co seguinte contido literal: “Os premios, convenios e/ou outras actuacións realizadas pola Deputación de Pontevedra poden supoñer un réxime excepcional que non estará suxeito á aplicación destes prezos públicos e rexeranse polas súas propias normas que aproben a aplicación destas medidas ou actuacións excepcionais. Estes supostos deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno, previo ditame da Comisión Informativa correspondente”. Dita modificación foi publicada no BOPPO núm. 23, do 05 de decembro de 2017.*

VI.- *Que de acordo coas precedentes consideracións e co fin de posibilitar a colaboración entre ambas as dúas entidades para a consecución real e efectiva de obxectivos de interese común como son o fomento, a promoción e o desenvolvemento de proxectos de economía social, especialmente no ámbito rural, ambas partes conveñen na concertación do presente convenio, con arranxo ás seguintes cláusulas:*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto definir a colaboración entre a Deputación e EspazoCoop para colaborar na promoción da economía social, o cooperativismo e o fomento do emprego, nos ámbitos de actuación de ambas entidades e de xeito máis específico, na comarca do Deza.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN

A Deputación comprométese á cesión do uso do espazo coworking do Viveiro de empresas de Lalín para realizar actividades de información, asesoramento e formación encadradas no ámbito da economía social. A dita cesión do uso non estará suxeita á aplicación dos prezos públicos e rexerase polo disposto neste convenio, que deberá aprobar a Xunta de Goberno provincial previo ditame da Comisión Informativa correspondente. Asemade comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- a) Divulgar, promocionar e difundir a través dos seus cauces habituais (redes sociais, páxina web, e-mail corporativo...) das actuacións que EspazoCoop leve a cabo desde o espazo coworking do Viveiro de empresas de Lalín.*
- b) Dar a coñecer a fórmula do cooperativismo nas actuacións de orientación e información sobre fórmulas empresariais así como naquelas outras de apoio e mentorización de proxectos empresariais.*



- c) *Incorporar nas charlas informativas sobre potencialidades de emprendemento, contidos sobre a constitución e o funcionamento das cooperativas, como unha fórmula para emprender.*
- d) *Ter como referente a EspazoCoop en materia de cooperativismo de cara a reforzar procesos formativos e de fomento do cooperativismo, así como realizar unha atención e asesoría especializada a viveiristas e potenciais viveiristas.*
- e) *Contribuír á difusión e dinamización deste convenio, para unha correcta implementación e aproveitamento do mesmo.*
- f) *Calquera outra actividade, que na liña das anteriores e como complemento das mesmas, puidese contribuír á mellora do tecido empresarial do territorio.*

TERCEIRA.- OBRIGAS DE ESPAZOCOOP

EspazoCoop proporá a Deputación, dentro das recollidas na súa programación para o ano 2022, aquelas actuacións que considere que son de interese para a Comarca do Deza e susceptibles de ser executadas desde o espazo coworking do Viveiro de empresas de Lalín coa finalidade de que ambas entidades acorden en que actuacións concretas van a colaborar.

Para cada actuación realizada no marco deste convenio, EspazoCoop deberá solicitar o uso con carácter previo, con indicación das datas previstas, contido da actividade e número de asistentes previstos e/ou calquera outro aspecto relevante. Esta solicitude específica deberá ser autorizada pola Deputación de Pontevedra.

A dispoñibilidade do espazo estará condicionada ás demandas de ocupación de espazos polos viveiristas .

A utilización do espazo deberá adecuarse ós usos permitidos do viveiro de conformidade ás normas de funcionamento internas dos viveiros, debendo autorizar a Deputación, no seu caso, calquera outro uso.

EspazoCoop deberá responder polo uso que se faga das instalacións do viveiro Lalín tanto polo seu persoal como por aqueles que actúen baixo a súa dependencia ou en virtude da súa relación con eles, no marco do presente convenio e ás normas internas de funcionamento do viveiro, polo que responderá en primeira instancia do uso que faga das instalacións, do que poderá derivarse a esixencia de responsabilidades.

Asemade comprométese a achegar os recursos materiais, técnicos e humanos dependentes da súa organización, e a realizar as seguintes actuacións:

- a) *Realizar actividades de información, asesoramento e formación, que vaian encamiñadas á mellora da cualificación profesional e empresarial daquelas persoas que opten por autoempregarse a través dun proxecto empresarial baixo a fórmula de Cooperativa de traballo.*
- b) *Atender individualmente ás persoas que así o soliciten, coa finalidade de orientalas e informalas sobre a fórmula empresarial cooperativa de traballo e fomentar o autoemprego, con especial atención aos colectivos con dificultades de acceso ao mundo laboral ou en situacións de risco de exclusión social.*
- c) *Realizar charlas informativas sobre o Cooperativismo en particular e a Economía Social en xeral, para mostrar ás persoas destinatarias aqueles coñecementos concretos e necesarios sobre a constitución, funcionamento e organización deste tipo de empresas.*
- d) *Impartir sesións de orientación dirixidas a persoas interesadas na creación e posta en marcha da súa propia empresa, baixo a fórmula cooperativa, co fin de acceder ao mercado laboral ou mellorar as súas condicións nel.*
- e) *Contribuír á difusión e dinamización deste convenio, para unha correcta implementación e aproveitamento do mesmo.*



- f) Calquera outra actividade, que na liña das anteriores e como complemento das mesmas, puidese contribuír a unha efectiva inserción no mundo laboral de calquera persoa, en Galicia.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO, VIXILANCLIA E CONTROL

Para o seguimento, coordinación, vixilancia e control da execución do obxecto deste convenio, así como a resolución de dúbidas e resolución de conflitos que poidan producirse na súa interpretación, crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes, un dos cales terá carácter técnico, e sen prexuízo de que poida solicitarse, de mutuo acordo, a presenza puntual doutros membros e/ou asesores.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do obxecto do convenio.
- A coordinación entre as partes asinantes na execución das actuacións obxecto do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das partes asinantes.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxustar ou modificar as actuacións que se estean realizando no marco do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na súa execución.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.
- Propoñer, de mutuo acordo, a prórroga deste convenio.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra, salvo que se acorde a súa celebración noutro lugar. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións. En defecto de acordo a Presidenta da Deputación sinalará o responsable da Comisión, que actuará en calidade de presidente.

QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia inicial ata o 31 de decembro de 2022, se ben as partes poderán acordar de mutuo acordo a prórroga, anualmente, por un máximo de dous anos máis, ata cumprir un total de tres, e previa solicitude por escrito -antes do 1 de novembro do ano do vencemento – de EspazoCoop, que deberá ser ratificada pola Comisión de Seguimento e aprobada polo órgano competente da Deputación de Pontevedra.

SEXTA.- RÉXIME DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO

A modificación das cláusulas deste convenio deberá estar debidamente xustificada presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, recibir a avaliación positiva da Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control e deberá aprobarse polos órganos competentes de ambas partes.



SÉTIMA.- EXTINCIÓN E CONSECUCIAS DO INCUMPRIMENTO

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

As causas de resolución serán:

- *O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordara a súa prórroga.*
- *O mutuo acordo das partes asinantes.*
- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.*
- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- *Por calquera outra causa que faga inviable a continuación das actuacións obxecto deste convenio, previa comunicación e tratamento pola Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.*
- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio, nas normas de funcionamento interno dos viveiros da Deputación ou noutras leis.*

O incumprimento e a resolución deste convenio poderá dar lugar á súa liquidación ao obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes e as súas responsabilidades, no seu caso, que se dilucidarán, en primeira instancia, pola Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio e as normas de funcionamento interno dos viveiros de empresas da Deputación de Pontevedra; as Bases de Execución dos orzamentos das Entidades asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

A Presidenta do EspazoCoop

Asdo.- Ana Oliveira Blanco

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.- M^a Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.- Carlos Cuadrado Romay.”

- *Facultar á presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.*
- *Darlle traslado do presente acordo a Unión de Cooperativas EspazoCoop, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia e ó Gabinete de Prensa.*



16.31349.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILABOIA RELATIVO Á EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0104 RAMAL -IGREXA DE FIGUEIRIDO (VILABOIA)”. (Expte. 2021048806)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP EP-0104 Ramal Igrexa de Figueirido, que descorre polo Concello de Vilaboa e que ten unha lonxitude de 636 m.

O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	349.085,01 €
Presuposto base de licitación-valor estimado	415.411,16 €
Presuposto base de licitación con IVE	502.647,50 €

3. Por acordo da Xunta de Goberno de 23 de decembro de 2021, o *Concello de Vilaboa* aprobou o convenio obxecto desta proposta e acordou financiar a achega municipal por importe de 179.944,82 (30% do importe das obras máis o importe das expropiacións) con cargo ao Plan Concellos 2022-2023.

4. Constan no expediente os seguintes informes emitidos polos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 18 de xaneiro de 2022:

- xustificación das porcentaxes de financiamento das obras obxecto do convenio.
- xustificación das transferencias previstas e da prioridade das obras.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.



2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.



4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	351.853,25 €	70
Concello de Vilaboa	150.794,25 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	502.647,50 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Vilaboa:

	ACHEGA	%
Concello de Vilaboa	29.150,57 €	100
TOTAL INVESTIMENTO	29.150,57 €	100

A Deputación financiará 351.853,25 € (70%) con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02.

A achega do *Concello de Vilaboa* será de 179.944,82 € correspondentes ao 30% do importe das obras máis o pago da expropiación forzosa dos terreos, e financiarase con cargo ao Plan Concellos 2022-2023.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.



Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, á Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o *Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilaboa para a execución do proxecto mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na ep-0104 ramal Igrexa de Figueirido. Concello de Vilaboa*”.

Dito convenio é como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VILABOA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-0104 RAMAL IGREXA DE FIGUEIRIDO. CONCELLO DE VILABOA”.

REUNIDOS

A Sra. María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

O Sr. César Pozza González, alcalde do Concello de Vilaboa, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

O Sr. D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.



Ambas partes reconécese con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0104 Ramal Igrexa de Figueirido, que transcorre polo Concello de Vilaboa e que ten unha lonxitude de 636 m.

VI.- A E.P. 0104 que serve de acceso á Igrexa de Figueirido é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma reducida (cunha calzada entre os 5,5 m e os 6,0 m (2,75 - 3,00 m por sentido)), con beiravías de escasa entidade e sen beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios, nun treito de importante afluencia de tránsito peonil (os principais focos de atracción son o Cemiterio e a Igrexa de Santo André de Figueirido).

O tráfico é puramente local, cunha IMD moi baixa, cun tráfico pesado inferior a 25 vehículos pesados ao día. Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-0104 RAMAL IGREXA DE FIGUEIRIDO CONCELLO DE VILABOA." coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no concello de Vilaboa, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na estrada provincial EP-0104 (Igrexa de Figueirido), entre os PP.QQ. 0+000 e 0+636 (final da estrada provincial).



O itinerario consta de 636 m de lonxitude, ao longo do cal se contempla ademais das obras de pavimentación e construción da senda peonil de formigón coloreado, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

Ademais, levarase a cabo unha serie de actuacións que teñen por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios, tales como:

- Mellora das actuais paradas de bus, localizadas no P.Q. 0+020 e 0+460, mediante a disposición dun espazo reservado para tal fin fora da calzada.
- Tarefas de rehabilitación do firme da estrada cuxo estado de conservación non é óptimo debido a que en determinadas zonas obsérvase unha fisuración media-alta.
- Unha correcta delimitación do espazo da plataforma da estrada, no que respecta á sección transversal que actualmente presenta anchos de carrís dispares.
- Disposición de pasos de peóns sobreelevados (PPS) nos P.Q. 0+280 e 0+420.
- Proxéctase un treito de calmado de velocidade ente os PP.QQ. 0+600 e 0+636 (fin da estrada provincial), nas inmediacións do cemiterio de Santo André de Figueirido, onde se diseña unha zona de convivencia e unha praza con prioridade peonil.
- Acondicionamento e mellora da fronte das parcelas con edificacións localizadas na marxe esquerda, que actualmente se atopan pavimentados con distintos materiais, diferentes estados de conservación, irregularidades, pendentes moi dispares.
- Mellora dos actuais dispositivos hidráulicos localizados na marxe esquerda da estrada.

Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa para a execución do proxecto de “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na EP-0104 Ramal Igrexa de Figueirido. Concello de Vilaboa”.

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na estrada provincial EP-0104 (Igrexa de Figueirido) entre os PP.QQ. 0+000 e 0+636. O itinerario consta de 636 m de lonxitude, ao longo do cal se contempla ademais das obras de pavimentación e construción da senda peonil de formigón coloreado, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

Ademais, levarase a cabo unha serie de actuacións que teñen por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

Segunda.- Importe do convenio:

O importe das obras o que se refire a presente actuación ascende a catrocentos quince mil catrocentos once euros con dezaseis céntimos (415.411,16€), máis oitenta e sete mil douscentos trinta e seis euros con trinta e catro céntimos (87.236,34€) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de cincocentos dous mil seiscentos corenta e sete euros con cincuenta céntimos (502.647,50 €).



Terceira.- Financiamento:

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Vilaboa mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>351.853,25 €</i>	<i>70</i>
<i>Concello de Vilaboa</i>	<i>150.794,25 €</i>	<i>30</i>
<i>TOTAL OBRAS</i>	<i>502.647,50 €</i>	<i>100</i>

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Vilaboa:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Concello de Vilaboa</i>	<i>29.150,57 €</i>	<i>100</i>
<i>TOTAL EXPROPLACIÓN</i>	<i>29.150,57 €</i>	<i>100</i>

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2022.

A achega do Concello de Vilaboa será de 179.944,82 € (30% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), financíase con cargo a subvención do Plan Concellos, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do Plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Vilaboa.

Antes da formalización do presente convenio o órgano competente do Concello deberá acreditar o compromiso de financiamento na anualidade 2022 con fondos propios no suposto de que non obteña financiamento con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, ou de que o importe obtido sexa insuficiente.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello:

O Concello de Vilaboa obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*



- 2) *Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería e mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) *Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fai referencia o apartado 2 anterior.*
- 4) *Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
- E.P. 0104 Ramal Igrexa de Figueirido.*
- 5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 6) *Abonar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na EP-0104 Ramal Igrexa de Figueirido. Concello de Vilaboa.”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas:

O Concello de Vilaboa faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.



As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Décima.- Resolución:

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022 e demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabeçamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra

María del Carmen Silva Rego

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,

Carlos Cuadrado Romay”

Polo Concello de Vilaboa

César Poza González

Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



17.31350.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE TALA DE ARBORADO NO DOMINIO PÚBLICO DAS MARXES EN ESTRADAS DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2020022320)

Na sesión ordinaria do día 19 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou, por lotes, o contrato de *Servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra*.

O lote N°1 adxudicouse á empresa Ocisat SL (CIF B-15.480.403) polo seguinte importe:

Prezo unitario (sen IVE): 38,53 €
IVE (21%) 8,09 €
Prezo unitario (IVE incluído) 46,62 €

O Lote N°2 adxudicouse á empresa Misturas Obras e Proxectos S.A.(CIF A-32.118.705) polo seguinte importe:

Prezo unitario (sen IVE): 41,64 €
IVE (21%) 8,74 €
Prezo unitario (IVE incluído) 50,38 €

A empresa Misturas SA conta con etiqueta que acredita a xestión e control de calidade vinculada co obxecto do contrato (:UNE-EN ISO 9001 ou equivalente) e etiqueta que acredita o control medioambiental vinculada co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14001 ou equivalente).

O Lote N°3 adxudicouse á empresa Maderdeza Forestal y Servicios S.L.(CIF B-94.190.899), polo seguinte importe:

Prezo unitario (sen IVE): 39,50 €
IVE (21%) 8,30 €
Prezo unitario (IVE incluído) 47,80 €

A empresa Maderdeza Forestal y servicios SL conta con etiqueta que acredita o control medioambiental vinculada co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14001 ou equivalente).

Os prezos refírense a prezo por unidade (ud) realmente talada de árbore maior de 10 cm de diámetro de entre as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse en documento administrativo de data 25 de marzo de 2021 e o prazo de duración é de un ano desde a súa formalización, establecéndose a posibilidade de tres prorrogas de un ano de duración cada unha delas.

Con data 31 de xaneiro de 2022 a Xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais en informe conxunto co Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do deputado delegado, emiten informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga do contrato en data 24 de xaneiro de 2022, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 18 febreiro de 2022, que conclúe o seguinte:

En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, in-fórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por unha anualidade, desde o 25 de marzo do 2022 ata o 24 de marzo do 2023. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 25 de marzo de 2022.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato do “*Servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra*” subscrito coas empresas *Ocisat SL (CIF B-15.480.403)*, para o Lote 1, *Misturas Obras e Proxectos S.A. (CIF A-32.118.705)*, para o Lote 2 e *Maderdeza Forestal y Servicios S.L. (CIF B-94.190.899)* para o Lote 3, durante o período do 25/03/2022 ata o 24/03/2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto, para toda a duración da prórroga do contrato, 201.586,00 €, financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.210.00.

18.31351.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO CORRESPONDENTE AOS TRABALLOS PARA A ELABORACIÓN DA AVALIACIÓN ARQUEOLÓXICA E HISTÓRICO-ARTÍSTICA DO CONVENTO DE SANTA CLARA (PONTEVEDRA). (Expte. 2022002147)

Na súa calidade de museo de referencia para a provincia de Pontevedra, o Museo de Pontevedra recibe, en depósito provisional, inxentes cantidades de materiais procedentes das diferentes intervencións arqueolóxicas que se realizan na provincia de Pontevedra, feito que implica que a colección arqueolóxica siga incrementándose día a día e que sexa precisa a ampliación da superficie destinada á súa xestión integral e almacenaxe.

Nesta situación dos feitos, xurde un acontecemento de gran relevancia a adquisición o día 1/12/2021 por parte do de Pontevedra do Recinto Conventual e templo denominado Santa Clara. Este amplo recinto de máis de 12.000 m², con máis de 2.000 m² edificadas e que forma parte do patrimonio histórico de Pontevedra, está situado en pleno centro da cidade e na proximidade do denominado rueiro cultural da Deputación e a súa rede museística.

A cualificación urbanística da parcela é a de equipamento, plenamente compatible con usos museísticos.

Así as cousas, a Deputación amósase interesada en testar as posibilidades de adicar o amplo recinto conventual a albergar a sede dun novo edificio para ampliar a súa rede museística emprazada na súa contorna e contribuír, de xeito sobranceiro, a paliar as necesidades, os déficits e as disfuncións aludidas, referidas aos inmobles actuais, incluídas as de índole arqueolóxica. A estes efectos, asínase un novo Protocolo entre ambas administracións con data 14/12/21.

A efectos de testar as posibilidades e condicionamentos das obras que se pretendan acometer no recinto, así coma a viabilidade dos usos aos que se poida ou decida destinalo, faise preciso a realización dunhas previas sondaxes arqueolóxicas avaliativas, cos obxectivos de coñecer a fertilidade arqueolóxica de distintos sectores do subsolo da parcela do Convento (tanto na superficie edificada como a que non o está) e determinar as cautelas arqueolóxicas a observar en eventuais futuras obras e mesmo a posibilidade de acometelas, en función dos vestixios que se puideran documentar, o seu estado de conservación e a súa importancia histórica. Tamén cómpre realizar un



previo estudo histórico do Convento de Santa Clara que revise as fontes bibliográficas e documentais, na procura de información histórica sobre a parcela que ocupa o Convento (entendido de xeito conxunto, non só a superficie edificada) e a súa contorna inmediata.

Xustifícase a necesidade de acudir á contratación externa dos traballos obxecto do presente contrato na esixencia dunha especialización e medios específicos sobre a materia obxecto deste, debido á especificidade e diversidade dos traballos a acometer, así como á dedicación necesaria dos mesmos debido ao seu volume. Este servizo externo levarase a cabo sempre baixo a coordinación e supervisión do persoal técnico do Museo.

A vista de todo o exposto a Xefa do Museo coa conformidade do Vicepresidente Provincial D. José Cesáreo Mosquera Lorenzo solicita que se inicien os trámites para a contratación do referido servizo correspondente aos traballos para a elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara (Pontevedra).

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación. Asemade, na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, xustifícase que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo e de servizo, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Con data 07/02/2022, a Intervención emite documento RC con numero de operación 202200020581 por importe de 286.072,19 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/333.3330.63203 do vixente orzamento provincial polo que se certifica a existencia de crédito para facer fronte a referida contratación.

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 26/01/2022, seguidamente trasládase o expediente de contratación á Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Con data 18/02/2022 a intervención informa favorablemente o expediente , poñendo de manifesto as seguintes observacións:

“Un Protocolo é un acordo de intencións, onde se manifesta unha vontade entre as partes sen supoñer compromisos firmes, os cales deben ser plasmados nun Convenio establecido ó efecto. Neste senso, un Protocolo non se considera o instrumento máis axeitado para recoller obrigas desta envergadura. Ademais, o Protocolo non conta coas sinaturas dixitais e, polo tanto, no mesmo non consta a data da súa sinatura.

A estes efectos recoméndase que se inicien os trámites para a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Pontevedra.



-A contratación proposta xustifícase na necesidade previa de coñecer o estado actual do inmovible recompilando a información arqueolóxica, construtiva e histórica do inmovible que permita determinar os condicionantes dunha intervención posterior e, por conseguinte, as posibilidades de aproveitamento e custes derivados da explotación.

Cómpre lembrar que as actuacións que se leven a cabo con carácter previo á cesión deben interpretarse con carácter restritivo e enfocadas ao obxectivo prioritario de definir un anteproxecto de explotación, que permita avaliar no seu conxunto a totalidade das actuacións proxectadas e a viabilidade económica – financeira das mesmas, a efectos de servir de fundamento á adopción do acordo de cesión.

-O desenvolvemento das actuacións de divulgación dos traballos desenvolvidos que impliquen a entrada no recinto (visitas guiadas) deberán ser autorizadas polo Concello”.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo para a realización dos traballos para a elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara (Pontevedra)*”.
2. Autorizar o gasto por importe de 286.072,19 € con cargo a aplicación orzamentaria 22/333.3330.63203 do vixente orzamento provincial.
3. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) ZF2Z2YMHJP4HBUJZ e o prego de prescricións técnicas co código seguro de verificación (CSV) . UH3DGGQ6IR5WE96MD.
4. Nomear responsable do contrato ao Director do Museo de Pontevedra ou á persoa na que delegue.
5. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



19.31352.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO “SERVIZO INTEGRAL DE DDD (DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESINFECCIÓN) E CONTROL DA LEXIONELOSIS NOS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2021047872)

A Deputación de Pontevedra precisa para o cumprimento dos seus fins contar cun conxunto de instalacións e dependencias nas que desenvolver a súa actividade. Estas instalacións deben ser obxecto de mantemento de xeito que se poida garantir a súa seguridade e perfecto estado de uso, buscando a protección da saúde das persoas traballadoras fronte aos riscos derivados das condicións de traballo dando así cumprimento ao previsto nos obxectivos da *Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais*.

É unha realidade o potencial de diversas especies para ser reservorios ou vectores de enfermidades infecciosas e/ou parasitarias, ocasionar problemas para a saúde pública, devíñen en praga e afectar ao benestar do persoal e cuxa proliferación supón un risco sanitario real que pode ser tamén causa de importantes repercusións ambientais e económicas, sendo os vectores máis frecuentes os insectos e roedores polas molestias que xeneran, polo potencial risco que teñen de transmitir algunhas enfermidades e incluso diferentes problemas relacionados coa saúde pública e a *legionella* (bacteria causante da *legionelose*, existe normalmente na auga e na terra húmida).

Considerando que na actualidade o servizo de DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección) e de control da *legionella* está sendo levado a cabo unicamente nalgunhas dependencias da Deputación, e que se trata dunha prestación con carácter recorrente propónse a contratación do *Servizo integral de DDD (desinsectación, desratización e desinfección) e control da Legionella nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra* cuxo obxectivo serán a identificación dos perigos relacionados coas poboacións de insectos e roedores, a redución dos riscos asociados a niveis compatibles coa saúde pública e o benestar da poboación.

En aplicación da normativa indicada en relación aos centros e servizos nos que o persoal ao servizo da institución provincial desenvolve as súas funcións e, en previsión dos problemas que puideran ser ocasionados por factores ambientais asociados a orixes biolóxicos, con data 24 de novembro de 2021 a Xefatura do Servizo de Contratación, co vº e prace do Deputado Delegado, emite unha providencia na que xustifica a necesidade da antedita contratación e propón iniciar a tramitación do expediente correspondente.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 1 ano, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 23.021,70 €.

Elabórase un prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 24 de novembro de 2021 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, o procedemento a aplicar é o aberto simplificado, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.



O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 16 de decembro solicita o preceptivo informe á Secretaría Xeral, que, con data 23 de decembro de 2021, informa o expediente. Con data 05 de xaneiro de 2022, a vicesecretaría achega informe complementario ao expte (CSV: 0BH0MJCV7GZ6CO8Y).

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 23 de decembro de 2022, e as observacións contidas no mesmo, con data 20 de xaneiro de 2022 emítese informe por parte do servizo de contratación, que se achega ao expte (CSV: AUQ5J7LO3YVM6H51).

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, con data 20 de xaneiro de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 16 de febreiro de 2021 e que na mesma data se emite os seguintes documentos de retención de crédito:

Lote 1

CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO ANUAL	RC FUT 2022
COHESION SOCIAL (Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada)	231.3370.227.10	867,29 €	202200007611
CENTRO PRINCIPE FELIPE (Ciudad Infantil)	232.2312.227.10	5.110,84 €	202200007613
PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO	332.3322.227.10	991,19 €	202200007615
MUSEO PROVINCIAL	333.3330.227.10	1.238,99 €	202200007605
MEDIO AMBIENTE (Finca Mouriscade)	410.4120.227.10	371,70 €	202200007617
ESCOLA DE CANTERÍA	324.3243.227.10	371,70 €	202200007619
MEDIO AMBIENTE (Edificio Aperos Soutomaio)	410.4190.227.10	404,02 €	202200007621
EF AREIRO	413.4123.227.10	309,75 €	202200007623
TURISMO RIAS BAIXAS (Castillo Soutomaio)	433.3360.227.10	309,75 €	202200025257
TURISMO RIAS BAIXAS (Palacete y Oficinas)	433.4320.227.10	247,80 €	202200007629
INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS (Parque Central,	456.4530.227.10	991,19 €	202200007631
SERVICIOS CENTRALES (Pazo, Edif. Admtivo y Sede Vigo)	920.9200.227.10	614,38 €	202200007633
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Imprenta Provincial)	924.9240.227.10	247,80 €	202200007635
ORAL	932.9320.227.10	929,24 €	202200007674
ORAL (Oficinas Periféricas)		929,24 €	202200007675
COOPERACION (Viveros)	942.4330.227.10	1.486,79 €	202200007637
COOPERACION (CSAE)	942.4331.227.10	371,70 €	202200007639
SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL (CAAN Armenteira)	923.1705.227.10	269,35 €	202200007642



Lote 2

CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO ANUAL	RC FUT 2022
COHESION SOCIAL (Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada)	231.3370.227.06	1.955,45 €	202200007641
CENTRO PRINCIPE FELIPE (Ciudad Infantil)	232.2312.227.06	2.289,49 €	202200007645
MUSEO PROVINCIAL	333.3330.227.06	404,02 €	202200007607
MEDIO AMBIENTE (Finca Mouriscade)	410.4120.227.06	605,00 €	202200007647
ESCOLA DE CANTERÍA	324.3243.227.06	605,00 €	202200007649
MEDIO AMBIENTE (Edificio Aperos Soutomaioir)	410.4190.227.06	605,00 €	202200007651
EF AREIRO	413.4123.227.06	605,00 €	202200007653
TURISMO RIAS BAIXAS (Palacete y Oficinas)	433.4320.227.06	646,43 €	202200007655
PROVINCIAIS (Parque Central, Gondomar y Lalín)	456.4530.227.06	1.452,00 €	202200007657
SERVICIOS CENTRALES (Pazo, Edif. Admtivo y Sede Vigo)	920.9200.227.06	1.010,05 €	202200007659
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Imprenta Provincial)	924.9240.227.06	404,02 €	202200007661
COOPERACION (Viveros)	942.4330.227.06	404,02 €	202200007663
COOPERACION (CSAE)	942.4331.227.06	404,02 €	202200007665
Servizo Asistencia Intermunicipal (CAAN Armenteira)	923.1705.227.06	404,02 €	202200007667

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do *Servizo integral de DDD (desinsectación, desratización e desinfección) e control da Legionella nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*.

O prazo de duración será de un ano contado desde a data de formalización do contrato.
Establecese a posibilidade de tres prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 27.856,26€, e o valor estimado do mesmo, de 110.504,17€.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: S3RFJOL15X2DBJIA) e de prescricións técnicas (CSV: 8Q6X5PX03F52BOA5) que rexerán na contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 27.856,26 €, conforme á seguinte distribución orzamentaria:



Lote 1. Servizo Integral DDD (desinsectación, desratización e desinfección)

CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO ANUAL	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
COHESION SOCIAL (Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada)	231.3370.227.10	716,77 €	150,52 €	867,29 €
CENTRO PRINCIPE FELIPE (Ciudad Infantil)	232.2312.227.10	4.223,84 €	887,01 €	5.110,84 €
PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO	332.3322.227.10	819,17 €	172,03 €	991,19 €
MUSEO PROVINCIAL	333.3330.227.10	1.023,96 €	215,03 €	1.238,99 €
MEDIO AMBIENTE (Finca Mouriscade)	410.4120.227.10	307,19 €	64,51 €	371,70 €
ESCOLA DE CANTERÍA MEDIO AMBIENTE	324.3243.227.10	307,19 €	64,51 €	371,70 €
(Edificio Aperos Soutomaioir)	410.4190.227.10	333,90 €	70,12 €	404,02 €
EF AREEIRO	413.4123.227.10	255,99 €	53,76 €	309,75 €
TURISMO RIAS BAIXAS (Castillo Soutomaioir)	433.3360.227.10	255,99 €	53,76 €	309,75 €
TURISMO RIAS BAIXAS (Palacete y Oficinas)	433.4320.227.10	204,79 €	43,01 €	247,80 €
INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS (Parque Central, Gondomar y Lalín)	456.4530.227.10	819,17 €	172,03 €	991,19 €
SERVICIOS CENTRALES (Pazo, Edif. Admtivo y Sede Vigo)	920.9200.227.10	507,75 €	106,63 €	614,38 €
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Imprenta Provincial)	924.9240.227.10	204,79 €	43,01 €	247,80 €
ORAL	932.9320.227.10	767,97 €	161,27 €	929,24 €
ORAL (Oficinas Perifericas)		767,97 €	161,27 €	929,24 €
COOPERACION (Viveros)	942.4330.227.10	1.228,75 €	258,04 €	1.486,79 €
COOPERACION (CSAE)	942.4331.227.10	307,19 €	64,51 €	371,70 €
SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL (CAAN Armenteira)	923.1705.227.10	222,60 €	46,75 €	269,35 €
		13.274,97 €	2.787,74 €	16.062,72 €

Lote 2. Control e tratamento da Lexionelosis

CENTROS	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO ANUAL	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
COHESION SOCIAL (Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada)	231.3370.227.06	1.616,08 €	339,38 €	1.955,45 €
CENTRO PRINCIPE FELIPE (Ciudad Infantil)	232.2312.227.06	1.892,14 €	397,35 €	2.289,49 €
MUSEO PROVINCIAL	333.3330.227.06	333,90 €	70,12 €	404,02 €
MEDIO AMBIENTE (Finca Mouriscade)	410.4120.227.06	500,00 €	105,00 €	605,00 €
ESCOLA DE CANTERÍA MEDIO AMBIENTE	324.3243.227.06	500,00 €	105,00 €	605,00 €
(Edificio Aperos Soutomaioir)	410.4190.227.06	500,00 €	105,00 €	605,00 €
EF AREEIRO	413.4123.227.06	500,00 €	105,00 €	605,00 €
TURISMO RIAS BAIXAS (Palacete y Oficinas)	433.4320.227.06	534,24 €	112,19 €	646,43 €
INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS (Parque Central, Gondomar y Lalín)	456.4530.227.06	1.200,00 €	252,00 €	1.452,00 €
SERVICIOS CENTRALES (Pazo, Edif. Admtivo y Sede Vigo)	920.9200.227.06	834,75 €	175,30 €	1.010,05 €
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Imprenta Provincial)	924.9240.227.06	333,90 €	70,12 €	404,02 €
COOPERACION (Viveros)	942.4330.227.06	333,90 €	70,12 €	404,02 €
COOPERACION (CSAE)	942.4331.227.06	333,90 €	70,12 €	404,02 €
Servizo Asistencia Intermunicipal (CAAN Armenteira)	923.1705.227.06	333,90 €	70,12 €	404,02 €
		9.746,73 €	2.046,81 €	11.793,54 €



En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2023 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O referido financiamento reaxustarase no momento da formalización do contrato conforme ao exercicio orzamentario anual.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Medio Ambiente ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

20.31353.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO EDUCATIVA DO PROGRAMA “DEPOAVENTURA A LANZADA 2022”. (Expte. 2021035025)

Segundo o artigo 36.1.d da Lei de Bases de Réxime Local, son competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, así como tamén o establece o artigo 109 1 d) da Lei 6/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia.

A Deputación de Pontevedra, para o cumprimento de dita finalidade, leva a cabo a promoción e organización de actividades destinadas a xuventude no ámbito da educación non formal, a inserción socio laboral, a formación en linguas estranxeiras, o deporte, a cultura, o ocio e o tempo de lecer, entre as que se atopa o programa *Depoaventura A Lanzada 2022*.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca o programa “*Depoaventura A Lanzada 2022*”, co obxecto de promover e fomentar o desenvolvemento persoal e social das nenas e nenos da provincia de Pontevedra e favorecer o compañeirismo e a convivencia nun clima de respecto, organiza o programa “*Depoaventura A Lanzada 2022*”.

O programa consiste no desenvolvemento de campamentos no centro de vacacións da Lanzada e oferta unha programación lúdico-educativa que inclúe o desenvolvemento de actividades ao aire libre, relacionadas coa natureza, a lingua inglesa, a arte, a cultura, o deporte, científicas, os xogos, a igualdade de xénero, o respecto ao medioambiente, co fin de colaborar na formación da nosa mocidade.



O programa oferta un total de 1.540 prazas distribuídas en 11 quendas, participando en cada unha delas 140 menores, 70 nenos e 70 nenas.

As quendas serán de 7 días de duración, de domingo a sábado, e terán lugar entre o 26 de xuño ao 10 de setembro de 2022.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 17 de decembro de 2021, adoptou o acordo: “12.31088 -. *Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “Servizo de asistencia técnico-educativa do programa ”Depoaventura A Lanzada 2022”.*

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 3/01/2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5/01/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 20 de xaneiro de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa e do sobre B documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. (B-94011665)
- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905)

Así mesmo a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo Cohesión Social e Xuventude, ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A xefa do servizo de Cohesión social, con data 24/01/2022, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitantes, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Deseño e implantación do proxecto técnico-educativo (26 puntos)	Protocolos de actuación (8 puntos)	Total (max. 34)
Golfiños s.l.	24,00	8,00	32,00
Supernova	7,98	1,25	9,23

A Mesa de contratación na reunión do día 28 de xaneiro de 2022 en base ao citado informe acordou prestar conformidade coas puntuacións acadadas pola empresa Golfiños S.L., ao superar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinables en función dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor. A empresa SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. non alcanza o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor tal e como establece a cláusula 9 do Prego de cláusulas económico-administrativas.



A continuación a Mesa procede a apertura e valoración da proposta do sobre C.

A proposta presentada pola empresa Golfiños Xestión de Ocio S.L. foi a seguinte:

1.- Prezo ofertado para as 11 quendas do Programa Depoaventura a Lanzada 2022:

Importe sen o IVE:..... 194.438,13 €

IVE (10%)..... 19.443,81 €

Importe total ofertado..... 213.881,94 €

2.- Incremento do número de actividades en lingua inglesa a maiores do mínimo esixido (O mínimo esixido é de 1 actividade): (Sinalar cun x a opción elixida)

10 actividades en lingua inglesa a maiores	X
--	---

3.- Oferta de dúas camisetas serigrafiadas para entregar a cada menor.(Sinalar cun x a opción elixida).

	NON
Oferta de dúas camisetas serigrafiadas para entregar a cada menor	x

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas administrativas, as puntuacións acadadas no sobre C foron as seguintes:

	Puntuacións
1.Precio ofertado para as 11 quendas sen IVE	37,21
2. Incremento do número de actividades en lingua inglesa	20
3. Oferta de dúas camisetas serigrafiadas para entregar a cada menor	0
TOTAL SOBRE C	57,21

A puntuación total acadada pola empresa no sobre B máis o sobre C, é a seguinte:

EMPRESAS	Sobre B	Sobre C	TOTAL
Golfiños Xestión de Ocio S.L.	32	57,21	89,21

A Mesa de Contratación acorda excluír á empresa SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, e aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo.

clasificación		Sobre B	Sobre C	total B+C
1	GOLFIÑOS XESTIÓN DE OCIO S.L.	32	57,21	89,21



Por Resolución Presidencial nº2022000920 de data 04/02/2022, requírese á empresa Golfiños xestión de ocio S.L., para que achegue a documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Á empresa Golfiños xestión de ocio S.L., presenta a documentación requirida (REX_WEB 2022006251 de data 14/02/2022), entre a que se atopa a constitución da garantía definitiva por importe de 9.721,92€ que figura depositada na Caixa da Deputación co número de carta de pago nº 202200024156.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Adxudicar mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada , do *Servizo de asistencia técnico-educativa do programa "DEPOAVENTURA A LANZADA 2022"* á empresa GOLFÍÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905), *que se desenvolverá nas seguintes once quendas:*

DATAS DE INICIO-FIN	DIAS	TOTAL PLAZAS
1º: do 26 de xuño ao 2 de xullo de 2022	7	140
2º: do 3 de xullo ao 9 de xullo de 2022	7	140
3º: do 10 de xullo ao 16 de xullo de 2022	7	140
4º: do 17 de xullo ao 23 de xullo de 2022	7	140
5º: do 24 de xullo ao 30 de xullo de 2022	7	140
6º: do 31 de xullo ao 6 de agosto de 2022	7	140
7º: do 7 de agosto ao 13 de agosto de 2022	7	140
8º: do 14 de agosto ao 20 de agosto de 2022	7	140
9º: do 21 de agosto ao 27 de agosto de 2022	7	140
10º: do 28 de agosto ao 3 de setembro de 2022	7	140
11º: do 4 de setembro ao 10 de setembro de 2022	7	140

Polo seguinte importe:

Importe sen o IVE: 194.438,13 €

IVE (10%): 19.443,81 €

Importe total ofertado: 213.881,94 €



E de acordo co seguinte detalle: Incremento do número de actividades en lingua inglesa a maiores do mínimo esixido: 10 actividades en lingua inglesa a maiores do mínimo esixido.

SEGUNDO.- Autorizar a tramitación do gasto por importe total de 213.881,94€, con cargo a aplicación orzamentaria 2022/231.3370.227.20 do vixente orzamento provincial.

O prazo de duración do contrato establécese desde a data de sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2022, con posibilidade de prórroga.

O prazo de execución correspóndese coa realización das once quendas de campamentos que terán lugar desde o día 26 de xuño ata o día 10 de setembro de 2022.

Forma de pagamento: Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas, tras a realización de cada quenda de campamento, e unha vez emitido o correspondente informe favorable ou de conformidade do responsable da unidade administrativa que reciba ou supervise o traballo.

A empresa adxudicataria deberá achegar xunto coa factura a seguinte documentación:

- Informe de incidencias no formato que indique a Deputación de Pontevedra.
- Informe de enfermaría con parte de lesións con necesidade de atención médica.
- Informe sobre os protocolos de seguridade empregados.
- Memoria das actividades realizadas en inglés.
- Suxestións, queixas recibidas e tratamento das mesmas por parte da empresa.
- Enquisa familiar de avaliación do servizo. Debe incluír resultados das enquisas aos menores e aos responsables familiares.
- Reportaxe fotográfica que inclúa de xeito separado as actividades en inglés, a conferencia científica, os obradoiros de elaboración das mascotas e as saídas.

Cada factura será detallada identificando o número de expediente, o obxecto do contrato, o período de facturación, o importe facturado e a entidade local.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Nº de exp.:	2021035025		
Órgano xestor:	LA8004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO.- Designar como responsable do contrato a Xefa do servizo de cohesión social e xuventude.

21.31354.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E DAS DE DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA - CURRO (BARRO)”.
(Expte.2021055522)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2021, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de *Explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro)*, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 28 de decembro de 2021. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 20 de xaneiro de 2022, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a oferta económica da empresa HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B70409073) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado.



Ante este feito, a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Dentro do prazo establecido, a empresa HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073) presentou a xustificación da súa oferta no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra. Con data 3 de febreiro de 2022 emitiu informe a Enxeñeira de Camiños, Marta Fernández-Valdés Gomez indicando que a empresa HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. non xustifica suficientemente a súa oferta económica anormalmente baixa nos termos expostos, e non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación (CSV: W3G54BFZ2Z05PRDO).

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 10 de febreiro de 2022, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073), por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato; clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número RP2022001083, de 14 de febreiro de 2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022007525, de data 20/02/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.959,66 € (carta de pago núm. operación 202200032854, do 18/02/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser



publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073), por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto se presúmese que non pode cumprir o contrato.

2.- Adxudicar o contrato de servizo “*Explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro)*” á empresa ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869) polo importe anual, sen IVE, para a EDAR e ETAP de 119.193,25 € e conforme ao seguinte detalle:

	ETAP	EDAR
Importe anual, sen IVE	41.508,55 €	77.684,70 €
IVE (21% ETAP e 10% EDAR)	8.716,79 €	7.768,47 €
Importe total, con IVE	50.225,34 €	85.453,17 €

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/922.1516.227.06 do vixente orzamento provincial, e as do ano 2023 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 23/922.1516.227.06, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

Deberán presentarse mensualmente dúas facturas, unha correspondente ao servizo de abastecemento e outra ao servizo de depuración. A contía a imputar mensualmente é o resultado de dividir entre doce o orzamento base de licitación de cada una das Estacións unha vez aplicada a baixa ofertada pola empresa adxudicataria.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Nº de exp.:	2021055522
Órgano xestor:	LA0006129	Unidade tramitadora:	LA0006135
		Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Diego de la Mata Pombo, xefe de sección de control de inversións.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

22.31355.- APROBACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, DA CONTA XUSTIFICATIVA PRESENTADA XEFA DO MUSEO PROVINCIAL, CORRESPONDENTE A FONDOS LIBRADOS DE ANTICIPO DE CAIXA FIXA DURANTE O AÑO 2021. (Expte.2022007092)

Por Resolución Presidencial 2022000660 de data 28 de xaneiro de 2022 aprobouse unha resolución de reordenación das aplicacións orzamentarias, dos habilitados e dos importes dos anticipos de caixa fixa, autorizando a constitución dun anticipo de caixa fixa xeral para os gastos dos diversos servizos por importe global de 83.550,00 euros. Entre outros servizos desta Deputación que contan



con importes autorizados de anticipos de caixa fixa está o Museo Provincial, figurando entre outras aplicacións que dispoñen de fondos, a 333.3330.209.00 e como habilitados responsables da xustificación dos fondos Dona Sonia Mateos Escudero e D. Juan Carlos de la Vega Castiñeiras.

Resultando que a Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra, Dona Sonia Mateos Escudero, a través de escrito de data 15 de febreiro de 2022, procedeu a efectuar a xustificación de gastos que foron abonados, mediante tarxeta de crédito no ano 2021, con fondos librados do anticipo de caixa fixa, co seguinte detalle:

Aplicación	Factura número	Data	Empresa	Importe
333.3330.209.00	IS 105465	22-06-2021	Fed. Gremio Editores España	95,00 €
TOTAL				95,00 €

Resultando que o Servizo de Intervención con data 18 de febreiro de 2022 emite informe onde deixa constancia do seguinte:

“En relación coa xustificación de fondos librados de reposición de caixa fixa, presentada pola xefa do Museo Provincial, Dna. Sonia Mateos Escudero ,(CSV: K45PQC3YFJY77Z3R) unha vez examinada a mesma, considérase aceptada ao fin previsto, polo que procederá á aprobación da xustificación realizada por importe de 95,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/333.3330.209.00, sendo a reposición de fondos a favor do Tesoureiro da Deputación.

Trátase de un gasto realizado no ano 2021 e dado que a base 33ª do orzamento provincial para o ano 2022 establece que antes do 15 de decembro do ano correspondente as persoas que figuren como habilitados de fondos librados de anticipos de caixa fixa deberán render contas xustificativas dos gastos realizados con estes fondos en tal exercicio, procede aprobar a conta xustificativa polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito sendo competencia da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, conforme a base 17ª do orzamento provincial para o ano 2022, cando exista crédito no orzamento da Deputación”.

Resultando que na aplicación orzamentaria 22/333.3330.209.00 existe crédito disponible por importe de 95,00 euros, segundo consta no documentación RC, con número de operación 202200026181 de data 17 de febreiro de 2022.

Considerando o establecido nos artigos 34.1, f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 185 e 190 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e 61.14 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como na base 33ª de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que a base 17ª do orzamento provincial para o ano 2021 establece que nos supostos de fiscalización nos que se detecte que as facturas ou certificacións non cumplan con algún dos requisitos esenciais esixibles e se os requisitos incumpridos implican a nulidade radical da obriga, procederase ó recoñecemento das obrigas polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito sendo competencia da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, cando exista crédito no orzamento da Deputación de Pontevedra.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos e declarar de aboamento a obriga á que refire a xustificación de fondos librados de anticipo de caixa fixa do ano 2021 presenta pola Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra, Dona Sonia Mateos Escudero, por un importe global de noventa e cinco euros (95,00 €) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo de acordo co detalle que figura recollido na factura xustificativa incluída no expediente CIVIDAS número 2022007092.

Aplicación	Factura nº	Data	Empresa	Importe
333.3330.209.00	IS 105465	22/06/2021	Fed. Gremio Editores España	95,00 €
TOTAL				95,00 €

O gasto por importe de 95,00 euros imputarase á aplicación orzamentaria 22/333.3330.209.00 do vixente orzamento provincial e efectuaranse con reposición de fondos na caixa fixa xeral, cuxo habilitado é o Sr. Tesoureiro da Deputación Provincial.

2. Que por parte do Servizo de Intervención se de conta ao Pleno da aprobación da mencionada conta xustificativas efectuada pola habilitada do Centro Xestor do Museo de Pontevedra, Dona Sonia Mateos Escudero, no informe anual cos resultados obtidos do control de contas a xustificar e anticipos de caixa fixa, en base ao disposto no artigo 27.2 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

23.31356.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RADIO PONTEVEDRA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2021. (Expte.2021002065). (Devogaran 2022006523)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 05 de marzo de 2021 (CSV.- L5EO3TVWDF3KLMTK), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A., para a anualidade 2021*” (Expte. 2021002065).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Radio Pontevedra, S.A.* (CIF.- A-36005346), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 4.958,68€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100133820 de data 01/03/2021.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Radio Pontevedra, S.A.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A., para a anualidade 2021*” (Expte. 2021002065), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 4.958,68 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 01/03/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100033820.

24.31357.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FARO DE VIGO, S.A.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO PATROCINIO PUBLICITARIO DAS CONFERENCIAS DO CLUB FARO DE VIGO E O SEU CALENDARIO NO 2021. (Expte. 2021008130) (Devogaran 2022006528)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 23 de abril de 2021 (CSV.- 1YXR3PW11QC9JEVW), adxudicouse o contrato relativo a “*Patrocinio publicitario das conferencias do Club Faro de Vigo e o seu calendario no 2021*” (Expte. 2021008130).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Faro de Vigo, S.A.U.* (CIF.- A-36600815), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 4.080,58€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100073527 de data 14/04/2021.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Faro de Vigo, S.A.U.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Patrocinio publicitario das conferencias do Club Faro de Vigo e o seu calendario no 2021*” (Expte. 2021008130), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 4.080,58 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 14/04/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100073527.

25.31358.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FARO DE VIGO, S.A.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “PATROCINIO PUBLICITARIO DAS ACTUACIÓNS CONMEMORATIVAS DO CENTENARIO DA MORTE DE EMILIA PARDO BAZÁN”. (Expte.2021010402). (Devogaran 2022006530)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 23 de abril de 2021 (CSV.- 0DCP3ZH9UNDJ6002), adxudicouse o contrato relativo a “*Contratación de Faro de Vigo, S.A.U para o patrocinio publicitario das actuacións conmemorativas do centenario da morte de Emilia Pardo Bazán*” (Expte. 2020010402).



Para responder da realización deste servizo, a empresa *Faro de Vigo, S.A.U.* (CIF.- B-36600815), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.600,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100067538 de data 13/04/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Contratación de Faro de Vigo, S.A.U para o patrocinio publicitario das actuacións conmemorativas do centenario da morte de Emilia Pardo Bazán*” (Expte.2021010402), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 3.600,00 €, para responder do dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 13/04/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100067538.

26.31359.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ODAIKO KREA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A TRES ACTUACIÓNS DO GRUPO ODAIKO CON CARGO AO PROGRAMA “MUSIGAL 2021” (Expte.2021015814). (Devogaran 2022006551)

Por Resolución Presidencial 2021003024, de data 31 de maio de 2021 (CSV.- YNPJKLEEB4YTZSG7), adxudicouse o contrato relativo a “*Tres actuacións do Grupo ODAIKO, dentro do programa Musigal 2021*” (Expte. 2021015814).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Odaiko Krea, S.L.* (CIF.- B-94078318), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.350,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100103908 de data 24/05/2021.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cultura no cal establece que os concertos se realizaron na súa totalidade tal e como estaba previsto, cumprindo, satisfactoriamente, a empresa encargada da súa organización co contrato establecido ó efecto, polo que non existe ningún inconveniente en que se proceda á devolución da fianza depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ODAIKO KREA, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Tres actuacións do Grupo ODAIKO, dentro do programa Musigal 2021*” (Expte. 2021015814), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.350,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/05/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100103908.

27.31360.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA OS 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (INTERREG V A POCTEP) (LOTE 1 E 2)” (Expte.2019034690). (Devogaran 2021062523)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de outubro de 2019 (CSV.- YR0R7JE8NZSWYYZ9), adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra, dentro do programa europeo, cofinanciado polo FEDER ao 75%, no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V a POCTEP)*” (Expte. 2019034690).



Para responder da realización deste servizo, as empresas adxudicatarias dos lotes 1 e 2 que figuraban neste contrato, constituíron na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

LOTE	EMPRESA	CONCEPTO	IMPORTE (IVE Incl.)	CARTA DE PAGAMENTO
1	Sistemas de Seguridade A-1, S.L. (B-15.259.765)	Sistema vixilancia	1.441,79€	201900176136
2		Sistema control almacén	214,22€	201900176133

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao realizarse correctamente os traballos ou trámites pendentes por parte das empresas adxudicatarias e ao corresponder a calidade dos materiais coa establecida pola administración.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte das empresas adxudicatarias, dunhas garantías definitivas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra, dentro do programa europeo, cofinanciado polo FEDER ao 75%, no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V a POCTEP) -Lotes 1 e 2-*” (Expte. 2019034690), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas por parte da empresas adxudicatarias do seguinte xeito:

- o A garantía definitiva constituída en valores pola entidade mercantil *Sistemas de Seguridade A-1, S.L.*, mediante aval de *CAIXABANK*, por importe de mil catrocentos corenta e un euros con setenta e nove céntimos (1.441,79 €), para responder do “*lote 1*” relativo a “*Sistema de vixilancia*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 01/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900176136.



- o A garantía definitiva constituída en valores pola entidade mercantil *Sistemas de Seguridade A-1, S.L.*, mediante aval de *Caixabank*, por importe de douscentos catorce euros con vinte e dous céntimos (214,22 €), para responder do “lote 2” relativo a “Sistema de control accesos almacén”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 01/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900176133.

28.31361.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ECOCOMPUTER, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA OS 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (INTERREG V A POCTEP) (LOTE 3)” (Expte.2019034690). (Devogaran 2021062524)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de outubro de 2019 (CSV.- YR0R7JE8NZSWYYZ9), adjudicouse o contrato relativo a “*Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra, dentro do programa europeo, cofinanciado polo FEDER ao 75%, no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V a POCTEP)*” (Núm. 2019034690).

Para responder da realización deste servizo, a empresa ECOCOMPUTER, S.L., adjudicataria do lote 5 que figura neste contrato, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, polo seguinte importe:

LOTE	EMPRESA	CONCEPTO	IMPORTE (IVE Incl.)	CARTA DE PAGAMENTO
3	Ecocomputer,S.L. (B-33.568.130)	Sistema control acceso vehículos	1.359,83€	201900178462

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao realizarse correctamente os traballos ou trámites pendentes por parte das empresas adjudicatarias e ao corresponder a calidade dos materiais coa establecida pola administración.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa adjudicataria do lote 3, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra, dentro do programa europeo, cofinanciado polo FEDER ao 75%, no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V a POCTEP) -Lote 3-*” (Expte. 2019034690), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas por parte da empresas adxudicatarias do seguinte xeito:

- o Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores pola entidade mercantil *Ecocomputer, S.L.*, mediante aval de *Caja Rural de Asturias*, por importe de mil trescentos cincuenta e nove euros con oitenta e tres céntimos (1.359,83 €), para responder do “*lote 3*” relativo a “*Sistema de control acceso vehículos*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 07/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900178462.

29.31362.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA TALLERES TORNEIRO, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA OS 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (INTERREG V A POCTEP) (LOTE 5) (Expte.2019034690). (Devogaran 2021062182)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de outubro de 2019 (CSV.- YR0R7JE8NZSWYYZ9), adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra, dentro do programa europeo, cofinanciado polo FEDER ao 75%, no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V a POCTEP)*” (Expte. 2019034690).



Para responder da realización deste servizo, a empresa TALLERES TORNEIRO, S.A., adxudicataria do lote 5 que figura neste contrato, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

LOTE	EMPRESA	CONCEPTO	IMPORTE (IVE Incl.)	CARTA DE PAGAMENTO
5	Talleres Torneiro, S.A. (A-27.105.964)	Transpeleta	3.343,05€	201900173740

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao realizarse correctamente os traballos ou trámites pendentes por parte das empresas adxudicatarias e ao corresponder a calidade dos materiais coa establecida pola administración.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte das empresas TALLERES TORNEIRO, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra, dentro do programa europeo, cofinanciado polo FEDER ao 75%, no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V a POCTEP) -Lotes 5-*” (Expte. 2019034690), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico pola entidade mercantil Talleres Torneiro, S.A., por importe de tres mil trescentos corenta e tres euros con cinco céntimos (3.343,05 €), para responder do “*lote 5*” relativo a “*Transpaleta*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 25/09/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900173740.



30.31363.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2022001276, POLA QUE SE REINICIA O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA “ÁREA RECEPCIÓN DE VISITANTES DO CASTELO DE SOUTOMAIOR”. (Expte. 2021003493)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2022, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato de obras “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior “

O anuncio de licitación publicouse no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de febreiro do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e do proxecto reguladores da contratación.

Visto que, con data 16/02/2022 comprobamos no Perfil do contratante que as empresas interesadas non poden acceder ao proxecto publicado por un erro no arquivo electrónico publicado, en atención ao informe do xefe de contratación emitido o 17 de febreiro (CSV 3OM4OX7R9KR5BU8X), a Presidenta decide abocar puntualmente a competencia delegada na Xunta de Goberno, para reiniciar o prazo de presentación de proposicións, mediante Resolución Presidencial número 2022001276, de data 18 de febreiro do 2022, co seguinte contido literal:

“A Presidenta, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN.

Por Acordo de Xunta de Goberno de data 28/01/2022, aprobouse o expediente 2021047530 “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior ” cun orzamento base de licitación de 575.000 €, IVE incluído.

Con data 01/02/2022 publicouse o anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público, sendo o 22/02/2022 a data de finalización para a presentación de ofertas. Publícanse na mesma data os pregos administrativos e un enlace ao nuboeiro para descarga do proxecto da obra, que, por limitacións de carga na Plataforma, non permite achegar arquivos electrónicos de gran tamaño.

Con data 16/02/2022 comprobamos na Plataforma de Contratación que a URL publicada para a descarga do proxecto: <https://nuboeiro.depo.gal/s/bIKV4LMZDfa4WiL>, non enlaza co documento, aparecendo un erro: The requested URL was not found on this server.

Con data 16/02/2022, constátase que non se presentaron ofertas a esta licitación.



Con data 17/02/2022, o xefe de Contratación emite informe, no que conclúe que:

“Tendo en consideración que o proxecto, como elemento que determina o obxecto dun contrato de obras, non estivo accesible na Plataforma de Contratos do Sector Público dende o momento do anuncio de licitación, resulta necesario reiniciar o prazo de presentación de ofertas co fin de facilitar o tempo adecuado e suficiente para preparar correctamente as ofertas”.

Tendo en conta que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP) atribúe as competencias como órgano de contratación no presente procedemento á Presidenta da Deputación. Dita competencia atópase delegada pola Presidencia nas Bases de Execución do vixente orzamento provincial (base 16.2.a), a favor da Xunta de Goberno respecto aos contratos de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000 euros.

Tendo en conta o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, segundo o cal, nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerarquicamente, o órgano delegante poderá abocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda por delegación, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente. En todo caso, a abocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dite. Contra o acordo de abocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.

Tendo en conta que o artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o órgano delegante poderá abocar en calquera momento a competencia delegada con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Considerando o artigo 136.2 da LCSP que establece que “Os órganos de contratación deberán ampliar o prazo inicial de presentación das ofertas e solicitudes de participación, de forma que todos os posibles interesados na licitación poidan ter acceso a toda a información necesaria para elaborar estas, cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación, nos termos sinalados no apartado 3 do artigo 138”.

Considerando que, tal e como establece o artigo 136 da LCSP, cualifica como relevante:

- a) Calquera información adicional transmitida a un licitador.
- b) Calquera información asociada a elementos referidos nos pregos e documentos de contratación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16^a.1a), RESOLVO:

1.- Abocar puntualmente a competencia delegada pola Presidencia nas Bases de Execución do vixente orzamento provincial (base 16.2.a), a favor da Xunta de Goberno, para actuar como órgano de contratación no procedemento aberto simplificado seguido para a adxudicación do contrato da obra “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior” (2021003493).



- 2.- *Publicar o enlace ao proxecto na Plataforma de Contratos do Sector Público e o proxecto completo na Plataforma de licitación electrónica Vortal.*
- 3.- *Reiniciar prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 20 días naturais, desde o día seguinte da publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público.*
- 4.- *Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno, na primeira sesión que celebre.”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2022001276, de data 18 de febreiro do 2022, que reinicia o prazo de presentación de proposicións para o procedemento aberto simplificado seguido para a adxudicación do contrato de obras “*Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior*”.

31.31364.- PRÓRROGA NO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA 2021 AO CONCELLO DE FORCAREI (Expte.2021003756)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 10/12/2020 aprobáronse as “*Bases reguladoras das Axudas Básicas de Emerxencia nos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2021*” e foron publicadas no BOPPO núm. 10 do 18 de xaneiro de 2021. Estas axudas xorden co obxectivo de lles proporcionar aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poderen atender as demandas de urxente e puntual necesidade das veciñas e veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo.

Na base décima da convocatoria estableceuse o 28 de febreiro de 2022 como data límite para presentar a documentación xustificativa da convocatoria.

Na base decimo sexta establécese que estas axudas rexeranse polo establecido nas anteditas bases e será de aplicación supletoria a LXS, a ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2021

2º.- O prazo de presentación de solicitudes rematou o 19 de febreiro de 2021. O Concello de Forcarei presentou a súa solicitude en forma e prazo e solicitou o pago anticipado do 50% da contía que se adxudique.

3º.- Mediante Resolución Presidencial de 30 de abril de 2021 e número RP2021002305 aprobouse o gasto das seguintes cantidades, en función da contía solicitada e o orzamento dispoñible:

CONCELLO	GASTO CORRENTE	INVESTIMENTO	TOTAL
FORCAREI	5.500,00 €	3.000,00 €	8.500,00 €



4º Mediante Resolución presidencial de 27 de maio de 2021 e número de RP2021002958 apróbase o adianto do 50% da subvención solicitada, sendo para o Concello de Forcarei de 2.750,00€ de gasto corrente e 1.500,00€ de investimento.

5º Con data 17 de xaneiro de 2022 e número de rexistro 2022001143 a Alcaldesa do Concello de Forcarei presenta solicitude de prórroga para a xustificación das Axudas Básicas de emerxencia 2021 ante a situación sobrevida pola que a traballadora social dos SS.SS. Comunitarios municipais está de baixa laboral.

6º Segundo o establecido no artigo 30.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións a rendición da conta xustificativa realizarase como máximo no prazo de 3 meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade.

7º.- O artigo 25 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra establece que *“A Deputación Provincial poderá conceder, de oficio ou a petición das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, sempre que non exceda da metade destes e con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros”*.

8º Con data 27 de xaneiro de 2022 a Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude valora favorablemente as causas excepcionais que motivan a solicitude de prórroga do Concello de Forcarei e solicita informe de Intervención.

9º.- Con data 15/02/22 Intervención amosa a súa conformidade á prórroga no prazo de xustificación das Axudas Básicas de Emerxencia 2021 ao *Concello de Forcarei*.

Considerando que o órgano competente para a aprobación da prórroga no prazo de xustificación das Axudas Básicas de Emerxencia para o exercicio 2021 ao Concello de Forcarei, é a Xunta de Goberno, ao ser o órgano que aprobou as bases reguladoras da antedita convocatoria.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a prórroga no prazo de xustificación das *Axudas Básicas de Emerxencia para o exercicio 2021 ao Concello de Forcarei* ata, como máximo, o 31 de marzo de 2022.

32.31365.- AUTORIZACIÓN PARA DISPOÑER DO CRÉDITO PROCEDENTE DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DE APARCADOIROS NA BAIUCA”, COMO TRÁMITE PREVIO PARA FINANCIAR UN NOVO INVESTIMENTO DO CONCELLO DE A ESTRADA INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020 LIÑA 1 - INVESTIMENTOS (Expte. 2020029555)

Antecedentes:

Ao *concello de A Estrada* se lle concedeu unha subvención de 68.247,45 € mediante acordo nº 9.29700 da Xunta de Goberno de data 10/12/2020 para o investimento *“Construcción de aparcadoiros na Baiuca”* a cargo do POS (Plan Concellos) 2020, dentro da Liña 1.



A obra para realizar o investimento antes referido adxudicouse a entidade mercantil “Construcións Rafer S.L.” pola cantidade de 53.915,48 euros asinando ambas partes o contrato público o día 23/04/2021. A adxudicación abrolla unha baixa teórica de 14.331,97 euros, segundo a documentación achegada por rexistro 2021048203 de data 13/12/21.

Con posterioridade, e mediante rexistro 2022004076 de data 03/02/2022, o Concello manifesta o propósito de re-inverter a baixa de adxudicación en novos investimentos polo que solicita que o crédito de 14.331,97 euros retido na subvención primixenia, se deixe en dispoñible para os novos investimentos.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2020 e achega a documentación requirida, en particular o compromiso de que o Concello asume con fondos propios as incidencias que poidan dar lugar a un incremento o custo da obra principal por modificados ou excesos de medición.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
Resolución do expediente
- Base 19ª das reguladoras do Plan Concellos 2020, que permite que o Concello poida pedir o reinvestimento das baixas producidas coa adxudicación do contrato sen necesidade de esperar a certificación final e a xustificación do investimento. Para isto, o órgano de contratación deberá comprometerse expresamente a financiar, con fondos propios do Concello, os incrementos de custo derivados da posible tramitación dun modificado ou dun exceso de medición. As baixas teóricas determinadas coa adxudicación dos investimentos deben ser reinvestidas na súa totalidade.
- Base 24ª de Execución do orzamento Provincial que lle atribúe competencia á Xunta de Goberno por ser o órgano que concedeu a subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 18/02/2022, e o informe favorable da intervención provincial de data 18/02/2022, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente permitindo dispoñer do crédito para a súa aplicación nun novo investimento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar, como trámite previo ao reinvestimento de baixa, deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 que importa 14.331,97 € procedente da baixa teórica de adxudicación do investimento “*Construción de aparcadoiros na Baiuca*” (Expte. 2020029555) dentro do correspondente proxecto de gasto, a fin de que o *Concello* poida posteriormente aplicar esta baixa na financiación dos novos investimentos.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Estrada*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.



33.31366.- AUTORIZACIÓN PARA DISPOÑER DO CRÉDITO PROCEDENTE DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN VÍAS RURAIS CONCELLO DA ESTRADA-PLAN CONCELLOS 2020”, COMO TRÁMITE PREVIO PARA FINANCIAR UN NOVO INVESTIMENTO DO CONCELLO DE A ESTRADA INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020 LIÑA 1 - INVESTIMENTOS (Expte. 2020020319)

Antecedentes:

Ao concello de A Estrada se lle concedeu unha subvención de 799.549,43 € mediante acordo nº 10.29012 da Xunta de Goberno de data 12/06/2020 para o investimento “Pavimentación vías rurais concello da Estrada-Plan Concellos 2020” a cargo do POS (Plan Concellos) 2020, dentro da Liña1.

A obra para realizar o investimento antes referido adxudicouse a entidade mercantil “Construcións Taboada e Ramos S.L.” pola cantidade de 568.879,42 euros asinando ambas partes o contrato público o día 03/02/2021. A adxudicación abrolla unha baixa teórica de 230.670,01 euros, segundo a documentación achegada por rexistro 2021048204 de data 13/12/21.

Con posterioridade, e mediante rexistro 2022004076 de data 03/02/2022, o Concello manifesta o propósito de re-inverter a baixa de adxudicación en novos investimentos polo que solicita que o crédito de 230.670,01 euros retido na subvención primixenia, se deixe en dispoñible para os novos investimentos.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2020 e achega a documentación requirida, en particular o compromiso de que o Concello asume con fondos propios as incidencias que poidan dar lugar a un incremento o custo da obra principal por modificados ou excesos de medición.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Base 19ª das reguladoras do Plan Concellos 2020, que permite que o Concello poida pedir o reinvestimento das baixas producidas coa adxudicación do contrato sen necesidade de esperar a certificación final e a xustificación do investimento. Para isto, o órgano de contratación deberá comprometerse expresamente a financiar, con fondos propios do Concello, os incrementos de custo derivados da posible tramitación dun modificado ou dun exceso de medición. As baixas teóricas determinadas coa adxudicación dos investimentos deben ser reinvestidas na súa totalidade.
- Base 24ª de Execución do orzamento Provincial que lle atribúe competencia á Xunta de Goberno por ser o órgano que concede a subvención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 18/02/2022, e o informe favorable da intervención provincial de data 18/02/2022, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente permitindo dispoñer do crédito para a súa aplicación nun novo investimento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar, como trámite previo ao reinvestimento de baixa, deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 que importa 230.670,01 € procedente da baixa teórica de adxudicación do investimento “*Pavimentación vías rurais concello da Estrada-Plan Concellos 2020*” (expediente: 2020020319) dentro do correspondente proxecto de gasto, a fin de que o *Concello* poida posteriormente aplicar esta baixa na financiación dos novos investimentos.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Estrada*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.

34.31367.- AUTORIZACIÓN PARA DISPOÑER DO CRÉDITO PROCEDENTE DO INVESTIMENTO “RUTAS DE SENDEIRISMO POLO TERMO MUNICIPAL DA ESTRADA”, COMO TRÁMITE PREVIO PARA FINANCIAR UN NOVO INVESTIMENTO DO CONCELLO DE A ESTRADA INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020 LIÑA 1 - INVESTIMENTOS (Expte. 2020029723)

Antecedentes:

Ao *Concello de A Estrada* se lle concedeu unha subvención de 82.843,00 € mediante acordo nº 4.29445 da Xunta de Goberno de data 23/10/2020 para o investimento “*Rutas de sendeirismo polo termo municipal da Estrada*” a cargo do POS (Plan Concellos) 2020, dentro da Liña 1.

A obra para realizar o investimento antes referido adxudicouse a entidade mercantil “*Servitec Medio Ambiente S.L.*” pola cantidade de 57.857,55 euros en data 26/09/2021. A adxudicación abrolla unha baixa teórica de 24.985,45 €, segundo a documentación achegada por rexistro 2021048205 de data 13/12/21.

Con posterioridade, e mediante rexistro 2022004076 de data 03/02/2022, o *Concello* manifesta o propósito de re-inverter a baixa de adxudicación en novos investimentos polo que solicita que o crédito de 24.985,45 € retido na subvención primixenia, se deixe en dispoñible para os novos investimentos.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2020 e achega a documentación requirida, en particular o compromiso de que o Concello asume con fondos propios as incidencias que poidan dar lugar a un incremento o custo da obra principal por modificados ou excesos de medición.

Fundamentos xurídicos:

Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente



- Base 19ª das reguladoras do Plan Concellos 2020, que permite que o Concello poida pedir o reinvestimento das baixas producidas coa adxudicación do contrato sen necesidade de esperar a certificación final e a xustificación do investimento. Para isto, o órgano de contratación deberá comprometerse expresamente a financiar, con fondos propios do Concello, os incrementos de custo derivados da posible tramitación dun modificado ou dun exceso de medición. As baixas teóricas determinadas coa adxudicación dos investimentos deben ser reinvestidas na súa totalidade.
- Base 24ª de Execución do orzamento Provincial que lle atribúe competencia á Xunta de Goberno por ser o órgano que concedeu a subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 18/02/2022, e o informe favorable da intervención provincial de data 18/02/2022, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente permitindo dispoñer do crédito para a súa aplicación nun novo investimento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar, como trámite previo ao reinvestimento de baixa, deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 que importa 24.985,45 € procedente da baixa teórica de adxudicación do investimento “*Rutas de sendeirismo polo termo municipal da Estrada*” (Expte. 2020029723) dentro do correspondente proxecto de gasto, a fin de que o *Concello* poida posteriormente aplicar esta baixa na financiación dos novos investimentos.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Estrada*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.

35.31368.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DEL CLUB BADMINTON TUI, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “VI TORNEO NADAL-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.(Expte.2021023433)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Bádminton Tui* con NIF: G94130242, do concello de Tui, por un importe de 483,41 €, para o “*VI Torneo de Nadal-Deputación de Pontevedra* e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022005852 con data 11/02/2022 do citado club renunciando á subvención debido a súa imposibilidade para xustificar dita subvención, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



36.31369.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DEL CLUB NAÚTICO RODEIRA DE CANGAS, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “ORGANIZACIÓN TORNEO KAIK POLO” (Expte.2021022416)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Náutico Rodeira Cangas* con NIF: G36040756, do *Concello de Cangas*, por un importe de 158,26 €, para a “*Organización Torneo Kaiak Polo*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022006509 con data 15/02/22 do citado club renunciando á subvención debido a situación actual da COVID-19, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

37.31370.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ESCUDERÍA BAIXO MIÑO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “XIV SUBIDA OIA”(Expte.2021021478)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Escudería BM* con NIF: G94108081, do *Concello de Oia*, por un importe de 2.877,41 €, para a “*XIV Subida a Oia*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022006697 con data 16/02/2022 do citado club renunciando á subvención debido a imposibilidade de promocionar á Deputación en dito evento mediante diversa publicidade, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

38.31371.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DA AXUDA DO EXPEDIENTE I.D.A.E NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO”. (Expte.2020016410)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da Resolución favorable a solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE



VILASOBROSO”, e co obxecto de aceptar a Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022002877 e data 07/02/2022, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.
- O 08/04/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I”, asignándosele o rexistro núm. 202000003958. Tras a súa avaliación, o 08/02/2021 (rexistro de entrada número: 2021003341) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 302.647,41 euros, asignándosele el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004126.
- O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica, coa finalidade de reducir a demanda enerxética de calefacción e, por tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a reforma dos seus cerramentos a través de actuacións sobre fachadas, cuberta, chans e carpinterías exteriores no edificio da escola da Entidade Menor Local de Villasobroso do municipio de Mondariz, na provincia de Pontevedra. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado non consumo do edificio do 50%.
- Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 302.647,41 €

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

ENTIDADE	INVESTIMENTO ELIXIBLE ADMITIDO	CUSTE ELIXIBLE MÁX. ADMITIDO	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciamento FEDER)
ELM Vilasobroso	401.558,91 €	378.309,27 €	302.647,41 €
CONTÍA MÁXIMA TOTAL DA AXUDA CONCEDIDA			302.647,41 €

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.



Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato. O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirregional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 10 de xaneiro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo núm.: 12.31151 de modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envoltivo Térmica Sostible I: Rehabilitación enerxética da escola da entidade local menor de Vilasobroso” (expte.2020016410).
- Con data 12/01/2022, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, o a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda polas seguintes causas: “Debido a que o proceso de licitación declarouse deserto porque non se presentou ningunha oferta ao proceso, polo que non se poderá dar cumprimento a formalización das contratacións. Por iso, a Deputación presentou solicitude de prórroga, por un prazo de 6 meses, para acreditar a formalización das contratacións para a execución das actuacións obxecto de axuda.
- Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, 07/02/2022 (registro de entrada número: 2022002877) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 08/02/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 302.647,41 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004126. Neste sentido no prazo máximo de (1) un ano + seis (6) meses de ampliación de prazo desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.
- A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

**II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA
NORMATIVA EXAMINADA**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017).*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instructor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*
- *Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumeado público.*



Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente:

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

III. CONCLUSIONES

O proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación co fin da mellora da envolvente térmica da escola unitaria de Vilasobroso. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante a Entidade local Menor de Vilasobroso como entidade beneficiaria.

Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, o a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda debido a que o proceso de licitación declarouse deserto porque non se presentou ningunha oferta ao proceso, polo que non se poderá dar cumprimento a formalización das contratacións. A ampliación do prazo máximo de (1) un ano incrementa en seis (6) meses o prazo inicial para a formalización das contratacións necesarias para a execución das actividades obxecto da axuda.



Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, 07/02/2022 (rexistro de entrada número: 2022002877) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 08/02/2021, pola que conceden a subvención con cargo a FEDER por importe de 302.647,41 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004126, estendéndose dito prazo ata o 28/08/2022.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condición económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022002877 e data 07/02/2022 na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda, estendéndose dito prazo ata o 28/08/2022 e, por tanto, modifica a Resolución de data 08/02/2021, pola que conceden a subvención con cargo a FEDER por importe de 302.647,41 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO” (EXPEDIENTE 2020016410), de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente á marxe)

Marina Piñeiro Novo”



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 16/02/2022, e da Intervención Provincial de data 16/02/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptación da modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004126 “*Envoltente Térmica Sostible I: Rehabilitación enerxética da escola da Entidade Local Menor de Vilasobroso*” (EXPEDIENTE 2020016410), aprobado mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022002877 e data 07/02/2022, estendéndose dito prazo ata o 28/08/2022.
- Darlle traslado do presente acordo á *Entidade local menor de Vilasobroso*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

39.31372.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE NIGRÁN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021. (Expte.2021054286)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 24 de setembro de 2021 (acordo núm. 2.30803), as bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 29 de setembro de 2021 (BOPPO núm. 188).

Con data 27 de outubro de 2021 (núm. de rexistro WEB 2021040932) o concello de Nigrán (CIF P3603500D) presenta solicitude para *limpeza, desbroce e sinalización do entorno dos muíños de Rodas*, con cargo á liña B da mencionada convocatoria.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 10 de decembro de 2021 (acordo núm. 3.31058), concederlle ao *concello de Nigrán* unha achega de 10.381,80 € (sobre un orzamento de 10.381,80 euros) para o desenvolvemento do citado proxecto, con cargo á aplicación 22/332.3322.762.00.2021 do vixente Orzamento Provincial.



Con data de 3 de febreiro de 2022 (núm. rexistro WEB 2022004154) recibíuse escrito do concello de Nigrán solicitando modificación do referido proxecto de limpeza, desbroce e sinalización do entorno dos muíños de Rodas. Esta documentación foi completada o 8 de febreiro de 2022 (núm. de rexistro WEB 2022004831).

Esta modificación implica unicamente dous cambios puntuais no proxecto que non afectan á finalidade subvencionada. Trátase de descartar na partida de “adequación da contorna e limpeza de muíños” a limpeza destes pola complexidade que reviste e para non perder a coherencia coa contorna. Así mesmo, modifican a cartelería empregada, xa que nun principio establecían utilizar “aceiro cortén” que pasa a substituírse por “madeira tratada” para que, desta forma, o conxunto conserve a coherencia estética.

Tendo en conta que esta solicitude se presentou en prazo e que estes cambios non implican a modificación da contía da subvención concedida, de 10.381,80 euros, ao non modificarse o total do orzamento inicialmente presentado, e visto o informe favorable de Intervención (CSV: E1B54DK9TYJQOR78), de 16 de febreiro de 2022, para levar a cabo a dita modificación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar esta modificación puntual do proxecto presentado polo *Concello de Nigrán*, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

40.31373.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

a) Vista a relación de facturas con número 2022008028 que contén 6 facturas e por un importe de 17.189,67€ e con CSV: RP3IE82G06XUJ67A, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17 de febreiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	17.189,67 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	17.189,67 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



41.31374.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022008041 que contén 16 facturas e por un importe de 11.668,66 € e con CSV: YHFPQAALGDLGEP69, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17 de febreiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	11.721,16 €
Descontos do IRPF.....	52,50€
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	11.668,66 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b) Vista a relación de facturas con número 2022008097 que contén 3 facturas e por un importe de 2.136,96€ e con CSV: T8XB4Z5DVFQH8BTK, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17 de febreiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	2.136,96 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	2.136,96 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



42.31375.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2022008861)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Cerdedo-Cotobade*, con CIF núm. P3600048G, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao



financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

- 6) Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 7) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 8) De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 9) Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE				
Data de presentación:		21/02/2022 (registro WEB2022007697)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
20	5 oficiais 1ª encofradores/as, 1 oficial 1ª canteiro/a, 7 peóns podadores/as, desbrozadores/as e motoserristas forestais, 1 oficial 1ª soldador/a de estruturas metálicas lixeiras, 1 oficial 1ª mecánico/a, 2 oficiais 1ª condutor/a-operador/a maquinaria forestal a motor, 1 oficial 1ª condutor/a de camión e 2 peóns pintores/as de vías urbanas a xornada completa durante 6 meses	190.671,40 €	26.278,66 €	164.392,74 €



- 10) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 11) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	164.392,74 €

- 12) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos Xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Cerdedo-Cotobade (P3600048G)	20	<i>5 oficiais 1ª encofradores/as, 1 oficial 1ª canteiro/a, 7 peóns podadores/as, desbrozadores/as e motoserristas forestais, 1 oficial 1ª soldador/a de estruturas metálicas lixeiras, 1 oficial 1ª mecánico/a, 2 oficiais 1ª condutor/a-operador/a maquinaria forestal a motor, 1 oficial 1ª condutor/a de camión e 2 peóns pintores/as de vías urbanas a xornada completa durante 6 meses</i>	164.392,74 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: K0C0T98AYSGKLOPQ) e do informe de Intervención (CSV: YMVUP6PLXYTHEAJK), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Cerdedo-Cotobade* (CIF P3600048G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Cerdedo-Cotobade (P3600048G)	20	<i>5 oficiais 1ª encofradores/as, 1 oficial 1ª canteiro/a, 7 peóns podadores/as, desbrozadores/as e motoserristas forestais, 1 oficial 1ª soldador/a de estruturas metálicas lixeiras, 1 oficial 1ª mecánico/a, 2 oficiais 1ª condutor/a-operador/a maquinaria forestal a motor, 1 oficial 1ª condutor/a de camión e 2 peóns pintores/as de vías urbanas a xornada completa durante 6 meses</i>	164.392,74 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.



- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
 - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



43.31376.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

44.31377.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

